
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA QUE SE ATENDAN AS DEMANDAS DA ASOCIACIÓN VECIÑAL NOVA XEIRA DE FIGUEIRAS SOBRE COMPROMISOS ADQUIRIDOS POLO ALCALDE

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta o seguinte ROGO ao Pleno da Corporación

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 20 de xuño de 2022 o grupo municipal de Compostela Aberta recibiu unha comunicación da Asociación Veciñal Nova Xeira de Figueiras na que se denunciaba “a incapacidade de xestión do goberno municipal pola falta de credibilidade co compromiso adquirido de reparar fochancas; a irresponsabilidade de ter na parroquia unha obra paralizada e abandonada nas instalacións deportivas do campo da festa, que tiña que estar rematada en agosto de 2019; a ineficacia das xestións na Deputación da Coruña para que se comece a senda peonil dende o Carme de Abaixo ata Marmancou; e a non reposición do alumeadado público dende Codesedas ata a Igrexa, proxecto aprobado por este goberno municipal”

Indicando que desde Nova Xeira xa lle tiñan transmitido “o malestar da veciñanza da parroquia ao Sr. Concelleiro do rural en varias ocasións polos motivos antes descritos” e que mesmo “o pasado 26 de marzo o Sr. Alcalde e o Sr. Concelleiro do rural mantiveron unha reunión con Nova Xeira en Figueiras para ver in situ as deficiencias máis graves existentes na parroquia, ca finalidade de poñerlle solución” anexando un resumo desa reunión.

Ademais tamén informan de que “nun percorrido en coche pola parroquia, estando o Sr. Alcalde, o Sr. Concelleiro máis nós, o Alcalde sinaloulle ao Concelleiro que dúas fochancas, de tamaño considerable, que ocupan o ancho da pista que vai dende a papeleira de Brandía ata Marmancou era necesario tapalas por seguridade vial xa que están nunha curva e cambio de rasante, así como para que non se fixeran máis grandes”. Unha pista que é usada por “toda a veciñanza para entrar ou saír da parroquia, do mesmo xeito que os usuarios da escola Semente, que ten 100 matrículas, ademais do transporte escolar”

Concluindo que “a día de hoxe, 20 de xuño do 2022, aínda están sen facer os traballos para reparar estas dúas fochancas que o Alcalde viu prioritario restaurar o pasado 26 de marzo” e “no caso da senda peonil, aprobada no ano 2019, fóronse realizando tramites administrativos” aínda que lembran

tamén que actualmente non teñen ningunha comunicación fiable de cal é situación ou fase na que se atopa este proxecto, tan necesario para a parroquia máis para a cidade”

Xa sobre “a obra nas instalacións deportivas do campo da festa, financiadas pola Deputación da Coruña, que se iniciou en abril do 2019 e debía rematarse nun prazo de 4 meses (en agosto dese mesmo ano), está parada, o que provoca varias consecuencias negativas: a veciñanza non pode, dende abril de 2019, facer uso destas instalacións para practicar deporte; no campo da festa hai actividades nas que o público asistente ten risco evidente de mancarse, pois a obra non está valada como é obrigatorio, presenta e da a sensación de estar a zona abandonada”.

Unhas obras polas que xa o grupo municipal de Compostela Aberta preguntara no Pleno en Setembro do ano pasado no que o concelleiro informou da resolución do contrato coa empresa, aprobada inicialmente en Xunta de Goberno con data do 22 de marzo, e da necesidade dunha nova licitación posterior, da que nove meses despois dese Pleno, existe unha incerteza total.

Finalmente a asociación veciñal tamén indica que “a maleza da finca do lado está tan medrada que está invadindo a propiedade municipal. Hai que ter en conta que o Alcalde publica todos os anos un bando lembrando que a 50 metros de vivendas e instalacións coma estas non pode haber maleza” anexando unha reportaxe fotográfica sobre a mesma.

Polo anteriormente exposto, e porque as demandas da veciñanza de Figueiras son de xustiza, o grupo municipal de Compostela Aberta **SOLICITA:**

- **Que se atendan as demandas da Asociación Veciñal Nova Xeira de Figueiras -nomeadamente as relacionadas coa pista de pádel, a senda peonil, a seguridade viaria no acceso ás Moas de Abaixo e o alumeadado público de Codesedas ata a Igrexa- e que se ofrezan as explicacións oportunas de porqué non foron atendidas anteriormente.**

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2022

Xán Duro Fernández

Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta

Á ATENCIÓN DO ALCALDE DE SANTIAGO